



REGULAMENTO CARREIRA SAN MARTIÑO CARREIRA ABSOLUTA - 10KM

A XLIV Carreira Pedestre Popular do San Martiño, organizada polo Consello Municipal de Deportes de Ourense, celebrarase o domingo día 14 de novembro de 2021.

Esta edición cumprirá en todo momento coas recomendacións establecidas para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade provocada pola COVID-19, partindo do protocolo FÍSICOVID–DXT GALEGO da Federación Galega de Atletismo, certificado pola Secretaría Xeral para o Deporte en vigor no momento da proba, e en función da evolución da pandemia estará sometida, en todo caso, ao cumprimento das normas de prevención da COVID19 que establezan as autoridades sanitarias en cada momento. Polo que a organización, o Consello Municipal de Deportes do Concello de Ourense, por causas de forza maior, reservaranse o dereito de realizar os cambios, que serán comunicados e difundidos entre as persoas inscritas, para o seu coñecemento.

CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN Todo participante declara que ten lido, entendido, aceptado e se compromete a cumprir o protocolo de prevención COVID-19 desta proba, colaborando en todo o posible coa Organización. No caso de ter síntomas compatibles coa COVID-19 ou ter estado en contacto con algún positivo nos últimos 10 días non pode presentarse na recollida do dorsal ou na proba deportiva.

1. Esta carreira pedestre consta de 2 partes diferenciadas:

- Carreira popular: está **incluída no Calendario Oficial de probas en ruta da Federación Galega de Atletismo** e está reservada para 1.800 persoas, federadas ou non, sempre que teñan cumpridos 18 anos o día da proba.
- Carreira élite: incluída no **Calendario Oficial da Real Federación Española de Atletismo** con categoría internacional e, mediante a súa inscrición, o/a corredor/a consinte expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licenza de día e ránking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a Ley de Protección de Datos, o/a interesado/a pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ao correo electrónico á Real Federación Española de Atletismo. Avenida de Valladolid nº81 – 28.008 Madrid. E-mail: rfea@rfea.es
Esta carreira está reservada para as 170 mellores marcas (de xeito paritario) e 30 prazas por invitación da Organización, podendo participar os/as atletas estranxeiros/as que cumpran coa normativa RFEA e World Athletics, sempre que teñan cumpridos 18 anos o día da proba.

2. Inscricións: Realizaranse na web oficial da proba www.asanmartino.com



A cuota de inscrición será de **7€** desde o **día 22 de outubro de 2021, ás 12:00 horas**, ata que se cubran as prazas por estrita orde de inscrición. Unha vez realizada, non se devolverá o seu importe.

3. A Organización non se fai responsable das consecuencias que deriven dunha inscrición defectuosa e/ou errónea por parte do/a corredor/a ou persoa na que delegue.

O feito de inscribirse nesta carreira supón unha declaración responsable por parte do/a atleta dos datos que aporta, aínda que, se obtén un premio, deberá presentar a documentación acreditativa pertinente nun prazo máximo de 10 días.

No momento de formalizar a inscrición, os participantes estarán declarando a súa responsabilidade sobre os seguintes termos:

✓ Que antes de saír cara a actividade deportiva teño realizado o auto test do SERGAS, non manifestando ningún síntoma de COVID-19 (febre, tose, ou falta de alento).

✓ Que teño lido, entendido, aceptado e me comprometo a cumprir o protocolo de prevención COVID-19 desta proba, colaborando en todo o posible coa Organización.

✓ Que teño lido, entendido, aceptado e me comprometo a cumprir o Regulamento desta proba, colaborando en todo o posible coa Organización.

✓ Que cumpro os requisitos de admisión establecidos no documento Protocolo COVID obriga de información e consentimento informado, non sendo grupo de risco.

✓ Que non convivo con ninguén que sexa grupo de risco, ou que no caso de que así sexa, participa na actividade baixo a súa propia responsabilidade.

✓ Que son consciente dos riscos que implica a participación na actividade no contexto da crise sanitaria provocada pola COVID-19, e que asumo baixo a miña propia responsabilidade.

É importante ter en conta que esta declaración responsable fará referencia ao mesmo día da proba. Polo que, no caso de non poder cumprir algún dos ítems anteriores, o/a atleta non tomará parte na carreira.

Aqueles participantes e acompañantes que veñan de fóra de Galicia e/ou estiveran nos últimos catorce días en territorios de alta incidencia epidemiolóxica COVID, inescusablemente deberán comunicarllo de forma veraz ao Servizo Galego de Saúde a través de <https://www.sergas.es/A-nosa-organizacion/Benvida-viaxeirxs?idioma=ga> no que ademais se especifican cales son estas zonas. Esta comunicación deberá ser completada por cada un dos viaxeiros/as, que serán responsables de que a información subministrada sexa veraz e precisa. En caso de menores de idade, persoas dependentes ou incapacitadas, a declaración será cuberta polo seu titor, que se fará responsable da veracidade da información subministrada.



4. Recollida de dorsais-chips e camisetas:

- Entregaranse no módulo de atletismo do Pavillón dos Remedios de Ourense, o venres, 12 de novembro, de 16:00 a 20:00 horas, e o sábado, 13 de novembro, de 10:00 a 20:00 horas.
- Para retirar o dorsal cada participante deberá amosar certificado dunha proba PCR ou de antíxenos negativa CERTIFICADA por farmacia ou servizo médico nun máximo de 72 horas antes do inicio da proba (válido xoves 11, venres 12 e sábado 13 de novembro), ou de permitilo a normativa vixente nos días previos ao evento, unha copia do Certificado do Covid dixital da UE.
- No caso de non recoller o dorsal e chip nos prazos establecidos, non se poderá participar na proba.
- Poderase recoller o dorsal doutra persoa presentando unha copia o captura de pantalla do seu DNI, ademais de amosar certificado dunha proba PCR ou de antíxenos negativa CERTIFICADA por farmacia ou servizo médico nun máximo de 72 horas antes do inicio da proba (válido xoves 11, venres 12 e sábado 13 de novembro de 2021), ou de permitilo a normativa vixente nos días previos ao evento, unha copia do Certificado do Covid dixital da UE, da persoa para a que se recolle o dorsal.
- Se a inscrición se realiza como grupo, a recollida de dorsais-chips será do mesmo xeito, nunca de maneira individual.
- **Non se entregarán dorsais-chips o día da carreira.**

5. O dorsal-chip deberá ser colocado no peito de maneira visible e sen doblar. Os/as corredores/as que non leven o dorsal-chip ben colocado non entrarán nas clasificacións.

É obrigatorio levar o **dorsal-chip no peito** durante toda a proba.

6. O control das inscricións, dorsais-chips, resultados e secretaría será realizado por procedementos automatizados. Gravarase a chegada para solventar calquera reclamación.

Os resultados unificaranse nunha única lista.

7. A saída está ubicada na **Ponte do Milenio**.

Por motivos dos protocolos COVID a Organización redistribuirá os espazos de presaída e reforzará a información de todo o protocolo da saída por quendas.

- Zona de quecemento: espazo no que todos/as os/as atletas poderán quentar pola zona acoutada a tal efecto esperando a chamada da súa quenda.
- Zona de cámara de chamadas: controlada polos xuíces da FGA á que irá accedendo a quenda correspondente sempre que presente dorsal, chip e mascarilla.
- Zona de presaída: espazo para organizar a seguinte quenda en saír.
- Zona de parrilla de saída: espazo habilitado para acceder ao circuíto cando se dé a saída.



- A saída da carreira de elite será ás 12h e as quendas populares serán anteriores a esta. Publicarase na web da carreira xunto cos horarios coa antelación suficiente en función da evolución da normativa sanitaria.
- Podes consultar todos os percorridos, ubicacións, fluxos e espazos no Racemapp do evento: <https://racemapp.com/recorrido/164-san-martino-ourense-10km>

8. A liña de **meta** estará situada na Avenida Pardo de Cela, Pavillón dos Remedios. Haberá que acceder con mascarilla

9. As quendas de saída estableceranse en función das marcas acreditadas polos participantes na inscrición, que será publicada na páxina web da organización o xoves anterior ao día da proba. Os agrupamentos e número de quendas estableceranse en función das limitacións que existan nese momento para cumprir coas normas sanitarias e de seguridade vixentes, que seguirán o protocolo antiCOVID-19 FÍSICOVID–DXT GALEGO da Federación Galega de Atletismo, certificado pola Secretaría Xeral para o Deporte en vigor no momento da proba na data da celebración da proba. As persoas participantes deberán colocarse na zona acoutada que lles corresponda segundo a quenda e hora de saída que se lles asigne. **No caso de que o/a participante non estea presente na hora asignada, perderá o dereito de participación na proba. A Organización descalificará a aquelas persoas que participen na quenda que non lle corresponda.**

Os/as participantes deberán atender en todo momento as indicacións da Organización para situarse na zona de cámara de chamadas, na presaída ou parrilla de saída coa máxima premura e orden.

Non se permitirá acceder ao circuíto sen estar inscrito/a.

A última quenda en saír será a Carreira de Élite.

10. O percorrido de 10.000 metros, homologado pola Real Federación Española de Atletismo en outubro de 2021, estará sinalizado cada quilómetro e discorrerá polas seguintes rúas da cidade: Saída da Ponte do Milenio, Avda. Xesús Pousa, Praza da Estación, Avda. das Caldas, Ponte Vella, Progreso, Tras Alameda, Dr. Fleming, Ervedelo, Avda. de Portugal, Avda. de Marcelo Macías, Avda. de Zamora, Bonhome, Galicia, Fernández-Oxea, Lugo, Padre Feijoo, Colón, Moratín, Obispo Carrascosa, Praza Maior, Lamas Carvajal, Paseo, Curros Enríquez, Avda. da Habana, Cardenal Quevedo, Avda. Rodríguez Castelao, Avda. Otero Pedrayo, Curros Enríquez, Ponte Nova, Avda. de Marín, Vicente Risco, Francisca Herrera, Avda. De Santiago, Avda. das Caldas, Ponte Vella e Pardo de Cela.

Racemapp: <https://racemapp.com/recorrido/164-san-martino-ourense-10km>

11. Ao longo do percorrido, a Organización establecerá controis intermedios.

12. Os abastecementos (avitualmente) estarán situados no Km 5 e á chegada no Pavillón Municipal dos Remedios.



13. Só poderán permanecer no percorrido os vehículos de axuda que a Organización estime oportuno, prohibíndose explicitamente o uso de bicicletas, patíns, carriños de bebé e/ou similares para evitar accidentes.

Tampouco está permitida a participación con animais.

14. Organización NON disporá de servizo de gardarroupa, duchas nin vestiarios.

15. Establécense **categorías** para mulleres e homes con clasificacións diferenciadas. As categorías corresponden aos/ás nados/as nos anos indicados:

Sub'20: Os nados nos anos 2002 e 2003.

Sub'23: Os nados nos anos 1999, 2000 e 2001.

Sénior: Os nados no ano 1998 en diante ata máster.

Máster A: M-35 W-35. (De 35 a 39 anos cumpridos o día da proba)

Máster B: M-40 W-40. (De 40 a 44 anos cumpridos o día da proba)

Máster C: M-45 W-45. (De 45 a 49 anos cumpridos o día da proba)

Máster D: M-50 W-50. (De 50 a 54 anos cumpridos o día da proba)

Máster E: M-55 W-55. (De 55 a 59 anos cumpridos o día da proba)

Máster F: M-60 W-60. (De 60 a 64 anos cumpridos o día da proba)

Máster G: M-65 e posteriores W-65 e posteriores

16. Premios:

Clasificación “absoluta”	Clasificación “galegos”	Clasificación “locais”
1º posto: trofeo e 400 €	1º posto: 250 €	1º posto: 200 €
2º posto: trofeo e 300 €	2º posto: 200 €	2º posto: 150 €
3º posto: trofeo e 200 €	3º posto: 150 €	3º posto: 100 €
4º posto: 150 €		
5º posto: 100€		

Para optar ao premio de “locais”, o/a atleta con nacionalidade española, será nado/a ou empadroad/a no Concello de Ourense.

Para optar ao premio de “galegos”, o/a atleta con nacionalidade española, será nado/a ou empadroad/a nalgún Concello da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os premios non son acumulables, só podendo optar ao de maior contía, e aplicaráselles a normativa vixente do IRPF.

17. A entrega de trofeos aos/ás tres primeiros/as clasificados/as absolutos será ás 13 horas no entorno do Pavillón dos Remedios. É de obrigado cumprimento a asistencia ao Acto de Premiación para percibir os trofeos e os premios económicos.

Só poderán subir ao podio as persoas premiadas e non irán acompañadas.

Os premios económicos entregaranse nas oficinas do mesmo lugar, previa xustificación dos datos aportados na inscrición, presentando a documentación acreditativa que proceda (DNI, pasaporte, certificado de empadramento... etc).



18. Serán motivos de descualificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuío da carreira, non pasar por todos os controis, non levar dorsal-chip visible por diante ou manipulalo, levar carriños, participar na tanda que non ten asignada, falsificar datos persoais e a suplantación de identidade.

19. Aceptación do regulamento: Todos/as os/as participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

A participación de atletas estranxeiros/as e doutras federacións autonómicas, rexerese polas normas recollidas na CIRCULAR RFEA 086-2020 (“Reglamento de la RFEA para Competiciones de Campo a Través, Pista, Ruta, Marcha y Trail”).

20. Esta proba estará **controlada polo Comité Galego de Xuíces e Cronometradores da FGA (Delegación de Ourense)** e por procedementos automatizados contratados pola Organización.

21. As **reclamacións** deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro non máis tarde de 30 minutos despois de publicarse oficialmente os resultados.

22. Todo o non disposto neste regulamento rexerese polas Normas de Competición da FGA para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores.

23. Este regulamento poderá ser actualizado se hai normas federativas que así o aconsellen. A organización da proba resérvase o dereito a modificar horarios e ou percorridos, así como aprazar ou suspender a carreira se así o estima oportuno por razóns de seguridade.

24. Asistencia médica:

É imprescindible estar inscrito/a para ter cobertura dos seguros de RC e de accidentes, que atenderá aos sinistros que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde este á orixe.

A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: *Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á Organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores.*

A Organización contará con servizos médicos a disposición dos/as corredores/as, non obstante, recoméndalles aos/ás participantes someterse a un recoñecemento médico previo coa fin de minimizar os riscos que entraña a realización de actividade física.



Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

A Organización contará cun local debidamente sinalizado, atendido por unha persoa responsable nomeada pola Federación Galega de Atletismo, para encargarse dos trámites en caso de accidente: facilitar os partes de accidentes aos/ás interesados/as, formalizar a súa presentación e resolver as posibles incidencias dos/as accidentados/as.

25. LOPD:

Todos/as os/as corredores/as ao realizar a inscrición:

-Ceden os seus dereitos de imaxe á Organización e aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet de acordo coa Lei de Protección de Datos

-Consinten expresamente que a compañía xestora do seguro de accidentes ceda os seus datos para a tramitación ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o/a interesado/a pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.

Consello Municipal de Deportes
Oficinas do Pavillón dos Remedios
C/ Pardo de Cela número 2, 32003 Ourense

Teléfono: 988 370 539

info@deportesourense.com

www.deportesourense.com